

## **NOTA DE PRENSA**

### **A Deputación da Coruña financia actuacións en Boiro por importe de case 500.000 euros**

**Boiro, venres 26 de xuño de 2009.** A Deputación da Coruña vai financiar actuacións no Concello de Boiro por un importe de 492.347,93 euros, con cargo aos fondos do organismo provincial. O Alcalde de Boiro, Xosé Deira Triñanes, mantivo este luns, día 22 de xuño, unha xuntanza co Vicepresidente da Deputación, Pablo Villamar, para analizar os proxectos presentados polo Concello boirense a este programa, que se articula a través da fórmula de sinatura de convenios entre concellos da provincia e o organismo provincial.

A partida máis importante, 360.000 euros, destinarase á urbanización do entorno e mobiliario para o centro social de Abanqueiro, que con este investimento quedará rematado para poder abrir as súas portas. A aportación corresponde á Deputación ao 100%, igual que no caso doutra das actuacións, que é a adecuación do Centro Social do Esteiro, na parroquia do Castro, cun investimento de 49.756,16 euros. Esta antiga escola unitaria xa está a ser utilizada por colectivos veciñais, pero o seu estado é deficiente e precisa dunha reforma importante para poder ofrecer un servizo en boas condicións.

O terceiro proxecto á a realización do Roteiro Turístico Vitres – Mosquete – Runs – Xarnea, para o que o organismo provincial aportará 82.591,77 euros dos 123.695,02 que custa, o 66,77 % do total, xa que o restante corresponde a unha subvención de Agader, da Consellería de Medio Rural.

Estes proxectos, así como outros presentados pola maioría dos concellos da provincia, foron aprobados no pleno celebrado hoxe venres na Deputación. O goberno boirense está satisfeito coa colaboración que a Deputación está a prestar ao Concello, e que permitirá rematar obras que contribuirán a mellorar os servizos que o Concello boirense está a prestar xa aos numerosos colectivos sociais e veciñais existentes, ademais de dinamizar a actividade lúdica e asociativa na parroquia de Abanqueiro e o núcleo de Esteiro. E, respecto do roteiro turístico, é unha actuación enmarcada nos plans de dinamización turística que está a levar o Concello.

**Saúdos. Gabinete de Prensa do Concello de Boiro**